

escola universitaria, axudante doutor, contratado doutor, así como ás prazas de investigador que convoca o Consello Superior de Investigacións Científicas.

6. Información adicional. Cada universidade, logo de aprobación do consello de goberno, pode incluír neste punto unha breve información específica propia sobre a propia universidade e o departamento ou instituto de investigación que imparte o programa de doutoramento.

Así mesmo, tamén se poderá reflectir neste punto se a tese de doutoramento conta coa mención «doutoramento europeo» e as condicións de concesión desta.

7. Certificación do suplemento.

7.1 Data día/mes/ano.

7.2 Sinaturas: a do secretario xeral da universidade, que poderá ir impresa no documento, e outra sinatura orixinal do responsable administrativo da información que quedou reflectida no suplemento europeo ó título.

7.3 Cargo dos asinantes.

7.4 Selo oficial da universidade.

8. Información sobre o sistema nacional de educación superior. Completarase este punto transcribindo o modelo uniforme de descrición do sistema universitario español vixente que aprobe o Consello de Coordinación Universitaria.

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

17352 *REAL DECRETO 1046/2003, do 1 de agosto, polo que se regula o subsistema de formación profesional continua.* («BOE» 219, do 12-9-2003.)

Desde o ano 1993, a formación e a reciclaxe profesional dos traballadores ocupados véñense regulando a través dos acordos nacionais de formación continua, subscritos entre as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, e entre estas e o Goberno. Ata a data asináronse tres acordos de formación continua: acordo de decembro do ano 1992, acordo de decembro do ano 1996 e acordo de decembro do ano 2000, que deron lugar a un sistema de formación continua que permitiu, por unha parte, dota-lo sistema duns recursos financeiros para as empresas e os seus traballadores e, por outra, desenvolver un modelo de xestión baseado na concertación social e no desenvolvemento de institucións paritarias sectoriais e territoriais, que contribuíron a mellora-las relacións dos axentes sociais entre si e destes co Goberno.

O modelo de xestión establecido nos ditos acordos caracterizouse polo protagonismo dos axentes sociais no deseño e na implantación da formación continua, ó tempo que se foi incrementando progresivamente a participación da Administración do Estado, sen ningunha mingua do citado protagonismo, senón xuntando esforzos nun marco de permanente diálogo social cun fin común: mellorar cada vez máis o sistema de formación dos traballadores.

Os bos resultados obtidos na xestión da formación continua acredítanse en varios aspectos: na actualidade arredor dun millón setecentas mil persoas fórmanse cada ano, fronte á súa escasa implantación no ano 1993, no que se formaron cerca de trescentos mil traballadores; importantes segmentos empresariais consideran que o capital humano é o seu principal activo e que non pode-

rán competir con éxito en mercados globalizados se este non está suficientemente formado e coas súas competencias profesionais permanentemente actualizadas. Estas empresas xa incorporaron a formación permanente á súa estratexia de negocio. Por último, pero non por iso menos importante, o modelo de organización de formación continua no noso país considérase un exemplo de aplicación práctica de diálogo social na implantación dunha política en que os intereses dos traballadores e das empresas debe ser, e éo, coincidente: a creación e mantemento de emprego de calidade e o incremento da produtividade.

O Goberno comparte e apoia os obxectivos citados, pois constitúen sólidas bases para fomenta-lo crecemento económico, a converxencia real cos países máis avanzados e mellora-lo benestar colectivo e a cohesión social de noso país.

Sen embargo, desde a vixencia dos III Acordos Nacionais de Formación Continua producíronse feitos non tidos en conta na súa sinatura, como consecuencia de producirse con posterioridade á dita sinatura, e que fai necesaria a súa revisión, ó tempo que se introducen determinadas melloras no sistema de formación dos traballadores ocupados. Así:

a) As sentencias do Tribunal Constitucional, do 25 de abril e 17 de outubro do ano 2002, requiren a revisión do modelo de formación continua dentro do marco constitucional sinalado nos fundamentos xurídicos daquelas, que inscriben a regulación desta materia no ámbito da lexislación laboral, competencia exclusiva do Estado, ó tempo que delimitan os supostos nos que a xestión ou execución das accións formativas lle correspondería ó Estado ou ás comunidades autónomas.

b) A promulgación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, constitúe, sen dúbida, un fito importante na ordenación da totalidade do sistema de formación profesional. O establecemento dun catálogo nacional de cualificacións profesionais, asociado a unha formación modular, e dun sistema de recoñecemento e avaliación da experiencia profesional, obriga a prever mecanismos mediante os que a formación continua se vaia progresivamente adaptando. Así mesmo, o subsistema de formación continua debe fundamentarse no concepto integral de formación profesional e no marco da colaboración dos axentes sociais, das empresas e doutras entidades a que se refire a citada lei.

c) Valorando positivamente o esforzo conxunto e os resultados obtidos ata a data para estende-la formación continua, a experiencia acumulada dos anos transcorridos puxo de manifesto a necesidade de introducir modificacións no actual sistema.

A carón diso, o Goberno é consciente da necesidade de seguir e potencia-lo esforzo ata agora realizado en materia de formación continua, como factor de indubidable importancia de cara á competitividade da nosa economía e ó futuro e calidade do emprego. Ó mesmo tempo, considera necesario que o novo sistema sexa máis sinxelo, menos burocrático na súa utilización polos beneficiarios e que permita planifica-la formación, mantendo e potenciando, non obstante, os sistemas de control dos fondos públicos utilizados para a formación continua. A menor burocracia e a maior sinxeleza serán instrumentos fundamentais para que as axudas de formación continua se estendan ó maior número de empresas, moi especialmente ás pequenas e medianas empresas, que constitúen a maior parte de noso tecido productivo.

Foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas e o Consello Xeral de Formación Profesional.

Por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regula-las distintas iniciativas de formación que constitúen o subsistema de formación continua, o réxime de funcionamento e o seu financiamento, así como a estrutura organizativa e de participación do subsistema.

Artigo 2. *Finalidade e principios xerais.*

1. A formación profesional continua, regulada neste real decreto, ten como finalidade proporcionarles ós traballadores ocupados a formación que poidan necesitar ó longo da súa vida laboral, co fin de que obteñan os coñecementos e prácticas adecuados ós requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibiliza-la súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador.

2. Constitúen principios xerais do subsistema de formación profesional continua:

a) A unidade de caixa da cota de formación profesional, sen prexuízo de que poidan existir outras fontes de financiamento da formación profesional de traballadores ocupados.

b) O protagonismo dos axentes sociais no desenvolvemento do subsistema de formación continua.

c) A importancia dos acordos que se alcancen na negociación colectiva para o desenvolvemento das iniciativas de formación continua.

d) A unidade de mercado de traballo e a liberdade de circulación dos traballadores no desenvolvemento das accións formativas, tanto dentro do territorio español como no ámbito da Unión Europea.

e) A consideración da formación continua como instrumento esencial para garanti-la formación ó longo da vida.

f) A consideración da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional e, especialmente, o sistema nacional de cualificacións e formación profesional como referente do subsistema de formación profesional continua.

g) A incorporación á xestión das comunidades autónomas.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta norma será de aplicación ás iniciativas de formación continua financiadas, en todo ou en parte, con cargo ó orzamento de gastos do Instituto Nacional de Emprego (INEM), xa sexa directamente ou indirectamente, de conformidade co previsto no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

2. No ámbito subxectivo, serán beneficiarios da formación continua, a través da participación nas accións

formativas, os traballadores nos termos que a continuación se sinalan:

a) Os traballadores asalariados que prestan os seus servizos en empresas privadas ou entidades públicas empresariais e cotizan á Seguridade Social en concepto de formación profesional poderán participar nas distintas iniciativas que se recollen neste real decreto.

Así mesmo, poderán participa-los traballadores fixos descontinuos nos períodos de non ocupación, os traballadores que accedan á situación de desemprego cando se encontren en período de formación e os traballadores acollidos a regulación de emprego nos seus períodos de suspensión de emprego por expediente autorizado.

b) Os traballadores incluídos no réxime especial agrario, de autónomos, do mar e outros da Seguridade Social que non coticen pola continxencia de formación profesional poderán participar nas accións formativas que se desenvolvan mediante os contratos programa regulados nesta norma.

c) O persoal ó servizo das administracións públicas poderá participar a través dos plans específicos que se promovan de acordo co procedemento que establezan os acordos de formación continua nas administracións.

Artigo 4. *Iniciativas de formación continua.*

Son obxecto de regulación neste real decreto as seguintes iniciativas de formación continua:

a) Accións de formación continua en empresas, que inclúen os permisos individuais de formación.

b) Contratos programa para a formación de traballadores.

c) Accións complementarias e de acompañamento á formación.

Artigo 5. *Acceso á formación de colectivos prioritarios.*

Co fin de garanti-la non discriminación e o acceso á formación de traballadores con maior dificultade de acceso á formación, as accións de formación continua nas empresas e os contratos programa deberán prever, na porcentaxe que se determine por orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta da Comisión Estatal de Formación Continua, o acceso á formación dos traballadores pertencentes ós colectivos prioritarios do Fondo Social Europeo, no marco do establecido nos programas operativos de iniciativa empresarial e formación continua. Os ditos colectivos son: traballadores de pequenas e medianas empresas (especialmente das de menos de 50 traballadores) e colectivos desfavorecidos (mulleres, discapacitados, maiores de 45 anos e traballadores non cualificados).

Artigo 6. *Financiamento e distribución de créditos.*

1. A formación continua financiarase de conformidade co establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado, a través dos créditos aprobados para o INEM, segundo a porcentaxe do tipo de cotización á Seguridade Social en concepto de formación profesional que se determine en cada exercicio, logo de informe da Comisión Estatal da Formación Continua, ós correspondentes do Fondo Social Europeo e ós créditos específicos para a formación de traballadores ocupados que non teñan obriga de cotizar para a continxencia de formación profesional.

2. Anualmente o INEM determinará para a súa inclusión na Lei de orzamentos xerais do Estado, logo de informe da Comisión Estatal da Formación Continua, o orzamento para cada unha das iniciativas de formación continua enunciadas no artigo 4, tendo en conta as necesidades atendidas a través de cada unha delas.

3. Así mesmo, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, mediante orde ministerial e logo de informe da fundación estatal, determinará os módulos económicos máximos de financiamento das accións formativas en función de que estas sexan presenciais, a distancia ou mixtas.

CAPÍTULO II

Accións de formación continua nas empresas

Artigo 7. *Concepto.*

1. Para os efectos desta norma, enténdese por accións de formación continua nas empresas as que son planificadas, organizadas e xestionadas polas empresas para os seus traballadores, e que utilizan para o seu financiamento a contía para formación continua asignada a cada unha delas en función do seu cadro de persoal.

2. Este tipo de accións comprenderá tamén os denominados permisos individuais de formación, que teñen por obxectivo facilitarlle-la formación, recoñecida por unha titulación oficial, ós traballadores que pretendan mellora-la súa capacitación persoal e profesional, sen custos para as empresas onde prestan os seus servizos.

Artigo 8. *Asignación ás empresas dunha contía para formación.*

1. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para formación continua, que resultará de aplicarlle á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano anterior a porcentaxe de bonificación que anualmente se estableza na Lei de orzamentos xerais do Estado en función do tamaño das empresas, de tal forma que canto menor sexa o tamaño da empresa maior será a porcentaxe de bonificación.

En todo caso, para as empresas de un a cinco traballadores garantírase un crédito de bonificación por empresa, en lugar dunha porcentaxe, e determinarase mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais a contía e o límite temporal para a súa utilización. O dito crédito poderá ser superior á cota que pola continxencia de formación profesional deba ingresar-la empresa no sistema de Seguridade Social.

2. As empresas que durante o correspondente exercicio orzamentario abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, poderán beneficiarse da bonificación establecida no punto anterior, cando incorporen a traballadores polos que exista a obriga de cotizar por formación profesional.

3. As empresas poderán utilizar todo o seu crédito para a formación dunha parte dos traballadores do seu cadro de persoal, sempre que se respecten os módulos económicos máximos (custo por participante e hora de formación) que se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais para cada modalidade formativa (presencial, a distancia ou mixta).

Co crédito para formación financiaranse tamén, se é o caso, os permisos individuais de formación que a empresa autorice para os seus traballadores. Anualmente, e nos termos sinalados no artigo 6.2, determinarase a contía adicional de bonificación que irá dirixida a permisos individuais de formación.

4. O crédito asignado ás empresas, nos termos sinalados no punto anterior, actuará como límite das bonificacións que as empresas poderán efectuar nos seus

boletíns de cotización á Seguridade Social. Estas bonificacións quedan excluídas do concepto legal de subvencións do artigo 81 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 9. *Cofinanciamento das empresas.*

As empresas participarán cos seus propios recursos no financiamento da formación continua que desenvolvan a favor dos seus traballadores, segundo as porcentaxes mínimas que, sobre o custo total da formación, se establezan mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais en función do tamaño das empresas. Non obstante, as empresas de cinco ou menos traballadores estarán exentas de contribuír no citado financiamento.

Para os únicos efectos de determina-lo cofinanciamento previsto no parágrafo anterior, computaranse os custos salariais dos traballadores formados durante o horario de traballo.

Artigo 10. *Información á representación legal dos traballadores.*

1. A empresa deberá somete-las accións formativas a información da representación legal dos traballadores, de conformidade co disposto no Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, para o que achegará, para tal efecto, como mínimo, a seguinte información:

- a) Denominación e descrición das accións que se van desenvolver e obxectivos.
- b) Colectivos destinatarios e número de participantes por accións.
- c) Calendario previsto de execución.
- d) Medios pedagóxicos.
- e) Criterios de selección dos participantes.
- f) Lugar previsto de impartición das accións formativas.
- g) Balance das accións formativas desenvolvidas no exercicio precedente.

O incumprimento por parte da empresa da obriga de informa-la representación legal dos traballadores impedirá a adquisición e, se é o caso, o mantemento do dereito á bonificación.

2. A representación legal dos traballadores deberá emitilo seu informe no prazo de 15 días desde a recepción da documentación descrita no punto anterior, transcorrido o cal se entenderá cumprido o dito requisito.

3. Se xurdiran discrepancias respecto ó contido do plan de formación, abrirase un prazo de 15 días para efectos de dilucida-las discrepancias entre a dirección da empresa e a representación legal dos traballadores.

4. A execución das accións formativas e a súa correspondente bonificación só poderá iniciarse unha vez que transcorreran os prazos totais previstos nos puntos 2 e 3. Así mesmo as accións formativas poderán iniciarse transcorridos 15 días desde a recepción pola representación legal dos traballadores da documentación referida neste artigo, sen que a dita representación legal dos traballadores emitira o informe correspondente.

5. En caso de desacordo da representación legal dos traballadores coas accións formativas da empresa, as discrepancias serán examinadas pola comisión paritaria correspondente co fin de mediar sobre aquelas.

Cando non exista comisión paritaria sectorial ou comisión territorial competente para coñecer das discrepancias, conforme o previsto nos artigos 19 e 20, ou se habéndoas, se mantivese o desacordo, a Administración competente resolverá sobre as discrepancias, sempre

que se deban a algunha das seguintes causas: discriminación de trato, nos termos legalmente establecidos, realización de accións que non se corresponden coa actividade empresarial ou concorrencia de calquera outra circunstancia que poida supoñer abuso de dereito na utilización de fondos públicos. A resolución da Administración competente poderá afectar a adquisición e o mantemento do dereito á bonificación correspondentes á acción ou accións formativas nas que se incorreran nas causas antes sinaladas.

6. Cando na empresa non exista representación legal dos traballadores, será necesaria a conformidade dos traballadores afectados polas accións formativas. Se hai desconformidade ou denuncia por calquera traballador da empresa, baseadas nas causas mencionadas no punto anterior, aplicarase o procedemento previsto neste para os casos de desconformidade entre a empresa e a representación legal dos traballadores.

7. En todo caso, o inicio do procedemento a que se refiren os dous puntos anteriores non paralizará o dereito á bonificación, que seguirá sendo automático. Se posteriormente se declara improcedente a bonificación aplicada pola empresa, a Administración competente iniciará o procedemento de reintegro das bonificacións indebidamente practicadas.

Artigo 11. *Apoio ás pequenas e medianas empresas.*

Co fin de facilitar e xeneralizalo acceso das pequenas e medianas empresas á formación dos seus traballadores, e sen prexuízo do exercicio polas comunidades autónomas das súas competencias, a Fundación Estatal para a Formación no Emprego, regulada no artigo 21, deberá prestarlles, a través dos seus medios propios, a través das organizacións empresariais e sindicais máis representativas ou de entidades externas, suficiente información e asesoramento sobre centros e institucións formativas existentes, así como apoio e asistencia técnica necesaria para satisfacer as necesidades formativas formuladas polas empresas, e posibilitará, cando sexa necesario, a súa agrupación voluntaria.

Artigo 12. *Execución das accións formativas.*

1. As accións formativas deberán gardar relación coa actividade empresarial e a súa execución poderán levala a cabo as empresas cos seus propios medios ou recorrendo a contratacións externas.

A formación impartida poderá ser específica ou xeral. Enténdese por formación xeral a que inclúe unha ensinanza que non é única ou principalmente aplicable no posto de traballo actual ou futuro do traballador na empresa beneficiaria, senón que proporciona cualificacións na súa maior parte transferibles a outras empresas ou a outros ámbitos laborais. Enténdese por formación específica a que inclúe unha ensinanza teórica e práctica aplicable directamente no posto de traballo actual ou futuro do traballador na empresa beneficiaria e que ofrece cualificacións que non son transferibles, ou só de forma moi restrinxida, a outras empresas ou a outros ámbitos laborais.

2. Sen prexuízo das competencias que neste ámbito lles correspondan ás comunidades autónomas, polo menos con 15 días de antelación á data de comezo de cada acción formativa, a empresa comunicarlle á Fundación Estatal para a Formación no Emprego o seu inicio, con polo menos a seguinte información: as datas e lugar de impartición, horario, profesorado, accións formativas que se prevén e relación de alumnos.

A vista das comunicacións realizadas polas empresas, a fundación estatal poderá requirir certa documentación e información adicional considere necesaria para efectos do seguimento e control das accións formativas.

Cando as empresas decidan voluntariamente agruparse para organizala formación dos seus traballadores, deberán tamén comunicarlle á citada fundación, polo menos, os datos relativos á entidade organizadora que se propón para a dita agrupación.

Así mesmo, á finalización da formación, as empresas deberán comunicarlle á fundación estatal as accións formativas realizadas e o importe das bonificacións aplicadas nos boletíns de cotización á Seguridade Social.

Estas comunicacións realizaranse nos termos que se determinen mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e no posible mediante a utilización dos medios telemáticos que, para tal efecto, sexan fixados pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Artigo 13. *Xustificación.*

1. Os custos derivados das accións formativas, que foran obxecto de bonificación, deberán quedar expresamente identificados como tales na contabilidade da empresa. Só se admitirán, para efectos da súa xustificación, os custos das accións formativas que garden relación coa súa actividade empresarial, e que se encontren expresamente identificados como tales na contabilidade da empresa.

2. A empresa deberá manter á disposición dos órganos de control durante o período establecido na lexislación nacional e comunitaria a documentación xustificativa (facturas, xustificación contable e calquera outro documento xustificativo) da realización do curso, que deberán quedar á disposición dos órganos de control competentes.

3. O incumprimento das obrigas anteriores dará lugar ó reintegro pola empresa das bonificacións practicadas.

CAPÍTULO III

Contratos programas para a formación de traballadores

Artigo 14. *Ámbito de aplicación.*

1. O INEM, logo de informe do Padroado da Fundación Estatal para a Formación no Emprego, poderá concederlles axudas para plans de formación ás confederacións empresariais ou sindicais máis representativas no nivel estatal, mediante a subscripción de contratos programa, cando estes afecten máis dunha comunidade autónoma. Estes plans terán por obxecto a formación dos traballadores en competencias transversais e horizontais a varios sectores da actividade económica.

Os traballadores das administracións públicas poderán participar nestes plans intersectoriais, pero cun límite máximo do 10 por cento do total de participantes de cada plan.

2. Así mesmo, o INEM, logo de informe da Fundación Estatal para a Formación no Emprego, poderá conceder axudas para plans de formación continua amparados na negociación colectiva sectorial de ámbito estatal, mediante a subscripción de contratos programa que teñan por obxecto desenvolver accións formativas de interese xeral para un sector productivo ou co fin de satisfacer necesidades específicas de formación continua, sempre e cando as ditas accións afecten un ámbito superior a unha comunidade autónoma.

3. O INEM poderá subscribir contratos programa coas confederacións e federacións de cooperativas ou sociedades laborais con notable implantación no ámbito estatal. As accións formativas deberán dirixirse a dúas ou máis empresas que, sen pertencer a un mesmo sector

productivo e comunidade autónoma, atendan demandas formativas derivadas da natureza xurídica daquelas ou de necesidades de carácter transversal.

4. Igualmente, o INEM poderá subscribir contratos programa coas asociacións de traballadores autónomos que teñan ámbito estatal e suficiente implantación, sempre que acrediten experiencia na xestión e desenvolvemento de accións formativas e se atopen legalmente constituídas con anterioridade á data que se determine na normativa de desenvolvemento destes contratos programa. Os plans formativos terán por obxecto a formación dos traballadores autónomos en competencias transversais e horizontais a varios sectores de actividade económica, ou ben satisfacer necesidades específicas de formación continua para un sector productivo, e deberán afectar en ámbolos casos un ámbito superior a unha comunidade autónoma.

5. Cando as axudas previstas nos puntos anteriores se destinen a financiar accións de formación continua de ámbito territorial exclusivo dunha comunidade autónoma, serán de aplicación os mecanismos de distribución establecidos no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

6. As axudas que se concedan de acordo co establecido neste capítulo serán de aplicación os artigos 81 e 82 do citado texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 15. *Contido do contrato programa.*

O contrato programa que sexa subscrito pola Dirección Xeral do INEM e a representación legal da entidade beneficiaria, regulará polo menos as seguintes cuestións:

- a) Obxecto do contrato programa.
- b) Requisitos do plan de formación.
- c) Ámbito de aplicación.
- d) Financiamento.
- e) Normas aplicables.
- f) Entidades adheridas ó contrato programa e entidades que colaboren na súa execución.
- g) Comisión mixta de seguimento.
- h) Causas de resolución e as súas consecuencias.
- i) Vixencia e denuncia do contrato programa.

CAPÍTULO IV

Accións complementarias e de acompañamento á formación

Artigo 16. *Concepto.*

As accións complementarias e de acompañamento á formación teñen por obxecto a investigación e prospección do mercado de traballo para anticiparse ós cambios nos sistemas productivos, analiza-la repercusión da formación continua na competitividade das empresas e na cualificación dos traballadores e, en definitiva, determina-las necesidades de formación necesarias para coadxuvar ó progreso económico dos sectores productivos no conxunto da economía.

Artigo 17. *Xestión.*

1. Correspóndelle ó INEM, co apoio técnico da Fundación Estatal para a Formación no Emprego, a concesión e o pagamento das subvencións destinadas á realización de accións complementarias de investigación, de estudos de carácter sectorial e multisectorial e de produtos e ferramentas innovadores relacionados coa formación continua, cando as ditas accións afecten

un ámbito territorial superior ó dunha comunidade autónoma.

Mediante orde ministerial estableceranse as bases reguladoras para a concesión das ditas subvencións, ás que serán aplicables, en todo caso, os artigos 81 e 82 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

2. Cando as subvencións previstas no punto anterior se destinen a financiar accións complementarias e de acompañamento á formación de ámbito territorial exclusivo dunha comunidade autónoma, serán de aplicación os mecanismos de distribución establecidos no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

CAPÍTULO V

Estructura organizativa e de participación

Artigo 18. *Comisión Estatal de Formación Continua.*

1. Constituirase unha Comisión Estatal de Formación Continua, adscrita ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, formada polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas, presidida polo secretario xeral de emprego do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que terá as seguintes funcións:

a) Velar polo cumprimento da normativa reguladora da formación continua e da súa eficacia en relación cos obxectivos xerais do sistema.

b) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos normativos en materia de formación profesional continua, dentro do marco do sistema nacional de cualificacións e formación profesional, e especificamente sobre as convocatorias de axudas de formación continua financiadas con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

c) Informar, de conformidade co establecido no artigo 6, sobre a repartición da cota de formación profesional entre accións formativas destinadas a desempregados e a ocupados.

d) Informar sobre a porcentaxe que anualmente deba destinarse para o acceso á formación dos traballadores pertencentes a colectivos prioritarios do Fondo Social Europeo.

e) Informar sobre a asignación dos recursos de formación continua entre os distintos ámbitos e iniciativas recollidas neste real decreto.

f) Aproba-lo mapa sectorial a que se refire o punto 1 do artigo 19 e a disposición adicional segunda.

g) Determina-los criterios e condicións que deben cumprilas comisións paritarias sectoriais e territoriais para efectos do seu financiamento.

h) Solicitar para a súa consideración o informe anual sobre a xestión da formación continua.

i) En xeral, calquera outra función que se acorde para o seguimento e análise da planificación, execución e avaliación das iniciativas de formación continua, co fin de mante-la coherencia e complementariedade do subsistema de formación profesional continua.

2. A presidencia da comisión estatal estará a cargo do secretario xeral de emprego, designándose o resto dos membros por proposta de cada unha das organizacións e Administracións representadas na dita comisión. Un dos representantes da Administración xeral do Estado será designado polo Ministerio de Administracións Públicas.

3. Para a adopción de acordos na Comisión Estatal de Formación Continua, terán 17 votos as organizacións

empresariais; 17 votos as organizacións sindicais; 17 a Administración xeral do Estado e 17 a Administración autonómica. O regulamento da comisión establecerá o sistema de maioría para a adopción de acordos, segundo as materias que se van tratar, e recollerá o voto cualificado do presidente en caso de empate.

Artigo 19. *Comisións paritarias sectoriais.*

1. No marco dos convenios colectivos sectoriais de ámbito estatal ou mediante acordos específicos, poderán constituírse comisións paritarias sectoriais de acordo co mapa sectorial que aprobe a Comisión Estatal de Formación Continua. O dito mapa sectorial, que establecerá o número máximo de comisións paritarias sectoriais, realízase tendo en conta, entre outros criterios, o de afinidade dos distintos subsectores e sectores de actividade. Estas comisións estarán integradas polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas e polas representativas no sector ou subsector.

2. As ditas comisións desenvolverán as seguintes funcións:

- a) Intervir no suposto de discrepancias xurdidas en relación co disposto no artigo 10.
- b) Efectuar-lo seguimento da formación continua no sector correspondente.
- c) Establece-los criterios orientativos para o acceso dos traballadores á formación.
- d) Propoñer criterios para a realización de estudos e investigacións sobre a formación continua.
- e) Elaborar unha memoria anual sobre a formación realizada no sector.
- f) Coñecer da agrupación voluntaria de empresas incluídas no sector.

Artigo 20. *Comisións paritarias territoriais.*

1. En cada comunidade autónoma poderá constituírse unha comisión paritaria territorial integrada polas organizacións empresariais e sindicais máis representativas no seu territorio.

2. As ditas comisións terán as seguintes funcións:

- a) Intervir no suposto de discrepancias xurdidas en relación co disposto no artigo 10, cando non haxa comisión paritaria sectorial competente para exercer-la dita función e a discrepancia afecte un centro de traballo radicado no seu respectivo ámbito territorial de actuación.
- b) Efectuar-lo seguimento da formación continua no territorio.
- c) Propoñer criterios para a realización de estudos e investigacións para a formación continua no seu territorio.
- d) Elaborar unha memoria anual sobre a formación realizada no territorio.
- e) Colaborar, por requirimento da fundación estatal, na organización da agrupación voluntaria de empresas no territorio da súa comunidade autónoma. Informar e colaborar no desenvolvemento e seguimento das accións complementarias e de acompañamento á formación que afecten o ámbito da súa comunidade autónoma.
- f) Coñecer da agrupación voluntaria de empresas incluídas no seu ámbito de actuación.

Artigo 21. *Fundación Estatal para a Formación no Emprego.*

1. No marco do establecido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e sen prexuízo das funcións que correspondan ó INEM e ás comunidades autó-

nomas nos seus respectivos ámbitos de competencia, a Fundación Estatal para a Formación no Emprego desenvolverá os seus cometidos nos seguintes ámbitos funcionais:

- a) Contribución ó impulso e difusión entre empresarios e traballadores do subsistema de formación continua.
- b) Coordinación e avaliación das políticas de formación continua.
- c) Elaboración e proposta de estudos e informes técnico-xurídicos sobre o subsistema de formación continua, no marco do sistema xeral de formación profesional e do sistema nacional das cualificacións profesionais.
- d) Elaboración do informe anual e de estatísticas sobre formación continua no ámbito de todo o territorio do Estado.
- e) Presencia institucional en foros europeos e internacionais.
- f) Execución das funcións de xestión, apoio e asistencia técnica que lle correspondan.
- g) Seguimento e control das accións formativas.

2. O Padroado da fundación estatal estará constituído pola Administración xeral do Estado, a través do Instituto Nacional de Emprego, a Administración autonómica e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, e presidido por un membro da Administración xeral do Estado. A xerencia da fundación e o equipo directivo de primeiro nivel serán nomeados polo padroado, por proposta da Dirección Xeral do Instituto Nacional de Emprego, entre funcionarios da Administración xeral do Estado.

O Padroado da fundación estatal aprobará, por proposta do seu órgano de xestión, a estrutura organizativa e a relación de postos de traballo da citada fundación.

3. Os estatutos da fundación establecerán o sistema de maiorías para a adopción de acordos, e recollerán unha proporción de votos igual á sinalada para a Comisión Estatal de Formación Continua, así como o voto cualificado do presidente en caso de empate.

CAPÍTULO VI

Avaliación, seguimento e control

Artigo 22. *Garantías de calidade da formación.*

1. Os cursos ou accións formativas que se impartan de acordo co establecido neste real decreto deberán asegurar uns estándares de calidade en canto a contidos, duración e profesorado.

2. A formación de tipo xeral que conduza á obtención de cualificacións establecidas no sistema nacional de cualificacións terá en conta os módulos formativos e requisitos que se determinen nos certificados de profesionalidade, en desenvolvemento da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional. Esta formación certificarase nos termos que establece a citada normativa, e posibilitará que o traballador poida completar unha formación que lle permita a obtención dun título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade.

3. A formación deberá desenvolverse cos medios didácticos, técnicos e materiais máis adecuados ás súas características. As empresas ou as entidades subscritoras de contratos programa poderán desenvolver-la formación cos seus propios medios ou ben recorrendo a centros de formación ou empresas especializadas para impartir-la formación de que se trate.

4. A accións formativas serán avaliadas polos propios alumnos, do que quedará constancia no expediente.

Así mesmo, anualmente e sen prexuízo das avaliacións que poidan face-las administracións competentes, a Fundación Estatal para a Formación no Emprego realizará un estudo de avaliación sobre o alcance da formación continua en relación coa poboación activa, adecuación das accións ás necesidades do mercado, incidencia da formación realizada no mantemento do emprego e na mellora da competitividade das empresas, así como sobre a eficacia e eficiencia dos recursos económicos e medios empregados.

Artigo 23. *Plan de control e seguimento da formación.*

1. O control e seguimento da formación será realizado polo INEM e as comunidades autónomas segundo as súas respectivas competencias. Respecto da formación cofinanciada polos fondos estruturais (Fondo Social Europeo), tanto o INEM como as comunidades autónomas, segundo os seus ámbitos competenciales, organizarán os sistemas de xestión, verificación e control de conformidade co previsto no Regulamento (CE) n.º 438/2001 da Comisión, do 2 de marzo de 2001, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, en relación cos sistemas de xestión e control das axudas outorgadas con cargo ós fondos estruturais.

2. Anualmente desenvolverase un plan de seguimento e control da formación continua que polo menos debe alcanza-lo cinco por cento dos recursos públicos destinados ás distintas iniciativas de formación, iso sen prexuízo dos compromisos adquiridos polo Goberno de España en relación cos programas operativos e as disposicións establecidas na normativa europea.

Os plans de seguimento e control deberán recoller unha porcentaxe mínima de actuacións dirixidas a empresas nas que non exista representación legal de traballadores. Anualmente fixarase, logo de informe da Comisión Estatal de Formación Continua, a dita porcentaxe mínima.

A Comisión Estatal de Formación Continua examinará o informe anual das actuacións e os resultados de control e seguimento, no que se deberán recoller de forma independente as actividades formativas realizadas polas empresas onde non exista representación legal dos traballadores que foran obxecto de control específico.

Non obstante o anterior, a formación queda suxeita ó control que realice o Tribunal de Contas, de acordo coas competencias conferidas pola súa Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, e a Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas; a Intervención xeral da Administración do Estado, de acordo co establecido no texto refundido da Lei xeral orzamentaria; a Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme o seu ámbito competencial determinado pola Lei 42/1997, do 14 de novembro; a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo, en canto autoridade de xestión e pagamento do dito fondo estrutural, conforme as funcións asignadas para o efecto polo Real decreto 683/2002, do 12 de xullo, e os órganos da Unión Europea, en razón do cofinanciamento comunitario, a Comisión e o Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 24. *Infraccións e sancións.*

As infraccións e sancións en materia de formación continua serán as tipificadas como tales no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, só en relación coas axudas e subvencións reguladas nos capítulos III e IV desta norma, así como polo texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Disposición adicional primeira. *Procedemento de constitución da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.*

A Fundación Tripartita para a Formación no Emprego modificará a súa denominación, composición e estatutos para adecuarse ó establecido neste real decreto respecto da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A Fundación Estatal para a Formación no Emprego asumirá tódalas funcións que a Fundación Tripartita e a Fundación para a Formación Continua (FORCEM) teñan atribuídas no marco dos Acordos Nacionais de Formación Continua.

A FORCEM poderá acorda-la fusión coa Fundación Estatal para a Formación no Emprego, logo de acordo dos seus respectivos padroados e aprobación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Os recursos humanos da FORCEM incorporaranse á nova fundación.

Unha vez acordada a fusión iniciaranse os trámites necesarios para levala a cabo, de tal forma que estean finalizados antes do 1 de xaneiro de 2004.

Disposición adicional segunda. *Colaboración de organizacións empresariais e sindicais máis representativas.*

Con independencia do establecido no artigo 21 desta norma, mediante orde do ministro de Traballo e Asuntos Sociais poderase considera-la colaboración das organizacións empresariais e sindicais máis representativas, na súa condición de tales, no desenvolvemento das funcións a que se refire os parágrafos a), b), c), d) e e) do citado artigo.

Disposición adicional terceira. *Mapa sectorial.*

A partir da entrada en vigor deste real decreto, as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e representativas no sector impulsarán e desenvolverán, co apoio técnico necesario da fundación, as tarefas necesarias para a elaboración do mapa sectorial a que fai referencia o artigo 19. Dentro do primeiro ano de vixencia deste real decreto, a Comisión Estatal de Formación Continua analizará o estado de situación dos traballos desenvolvidos.

En todo caso, o citado mapa deberá supoñer unha redución substancial no número de comisións paritarias constituídas no marco dos III Acordos.

Disposición adicional cuarta. *Vinculación de accións formativas co catálogo nacional de cualificacións.*

Anualmente a Comisión Estatal de Formación Continua estudiará e poderá determina-la porcentaxe de accións formativas de formación continua asociadas directamente ó catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Disposición adicional quinta. *Centros de formación profesional.*

Antes do 1 de xaneiro de 2005, a Fundación Estatal para a Formación no Emprego deberá dispor dun rexistro dos centros de formación profesional que realizan accións de formación continua.

Disposición adicional sexta. *Aplicación dos fondos para formación continua.*

O Goberno articulará as fórmulas e as medidas lexislativas que sexan necesarias para que os fondos con destino á formación continua provenientes da cota de formación profesional sexan aplicados, na súa totalidade, ó financiamento das iniciativas formativas recollidas neste real decreto.

Disposición transitoria única. *Órganos constituídos ó abeiro dos III Acordos de Formación Continua.*

1. Mentres non se constitúan os novos órganos a que fai referencia o capítulo V, seguirán en funcionamento os órganos constituídos ó abeiro dos III Acordos de Formación Continua.

2. Mentres non se aprrobe o mapa sectorial regulado neste real decreto, seguirán en funcionamento as comisións paritarias sectoriais constituídas ó abeiro dos III Acordos Nacionais de Formación Continua.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.7.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para dictar cantas normas sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004, salvo as disposicións relativas á constitución da Comisión Estatal de Formación Continua e da Fundación Estatal para a Formación no Emprego, que entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca, o 1 de agosto de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17407 *ORDE PRE/2491/2003, do 3 de setembro, pola que se regulan as prescricións tecnolóxicas dos sistemas de información dos Centros de Portelo Único Empresarial a que se refire a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, de sociedades de responsabilidade limitada. («BOE» 220, do 13-9-2003.)*

PREÁMBULO

A sociedade limitada Nova Empresa (SLNE) regulada pola Lei 7/2003, do 1 de abril, pola que se modifica a Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, ten por obxecto estimular a creación de empresas, especialmente as de pequena dimensión que constitúen a columna vertebral da economía española.

A disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, modificada pola Lei 7/2003, do 1 de abril, da sociedade limitada Nova Empresa, dispón que os Centros de Portelo Único Empresariais, creados ó abeiro do Protocolo do 26 de abril de 1999 mediante os correspondentes instrumentos xurídicos de cooperación con comunidades autónomas e entidades locais, poderán realiza-las funcións de orientación, tramitación e asesoramento para a creación e desenvolvemento da sociedade limitada

Nova Empresa. Esta orde ministerial dítase para establece-las prescricións tecnolóxicas e os requisitos que deben cumprir aqueles portelos únicos empresariais que presten os servizos a que se refire a mencionada disposición adicional oitava.

Así mesmo, a citada disposición adicional oitava prevé que por orde do ministro da Presidencia, por iniciativa conxunta dos ministerios de Economía e de Administracións Públicas, se establecerán os criterios de incorporación das prescricións tecnolóxicas propias dos puntos de asesoramento e inicio de tramitación ós sistemas de información dos centros de portelo único empresarial.

Na súa virtude, e por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro.—Os centros de «Portelo Único Empresarial» (PUE) prestarán, de forma universal e gratuíta, servizos de información e asesoramento sobre as características e beneficios da Sociedade Limitada Nova Empresa así como, se é o caso, a súa tramitación, segundo o disposto no real decreto polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada.

Tanto nos centros de «Portelo Único Empresarial» como no Portelo Único Empresarial virtual, ó que se fai referencia no punto 3, incorporárase toda a información necesaria para a creación, desenvolvemento e tramitación da sociedade limitada Nova Empresa.

Segundo.—As prescricións tecnolóxicas necesarias para a realización das funcións de asesoramento e tramitación das sociedades limitadas Nova Empresa figuran no anexo desta orde. A remisión electrónica do documento único electrónico (DUE) será efectuada polo funcionario coordinador de cada portelo único empresarial designado polo Ministerio de Administracións Públicas, ou a persoa en quen este delegue, quen se provera da correspondente sinatura electrónica. Non obstante, poderá ser cuberto polas persoas que determine o coordinador de entre as que presten servizos no Portelo Único Empresarial.

Terceiro.—Nos servizos na internet do «Portal PEME» da Dirección Xeral de Política da Pequena e Mediana Empresa, do Ministerio de Economía, incluírase un enlace ó dominio www.vue.es e información sobre a localización dos centros de portelo único empresarial.

Cuarto.—Polo que se refire ó tratamento dos datos, e de conformidade co establecido no artigo 8 do RD 682/2003, do 7 de xuño, polo que se regula o sistema de tramitación telemática a que se refire o artigo 134 e a disposición adicional oitava da Lei 2/1995, do 23 de marzo, de sociedades de responsabilidade limitada, os PUES deberán someterse á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira única.

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de setembro de 2003.

RAJOY BREY

Vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e ministro de Administracións Públicas.